



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS NÚMEROS 29/2026, 30/2026 E 31/2026

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de xullo de 2026, acordou aprobar inicialmente os seguintes expedientes de modificación de créditos:

Número	Modalidade	Importe	Finalidade
29/2026	Crédito extraordinario	151.217,89	Dotación de crédito para proceder ao pago das subvencións nominativas. Compra terreo Praza da Igrexa Bembibre. Obra Mellora Viario Acceso Proxecto Home. Mellora Praza Igrexa de Bembibre. Plan Protección Civil contra o risco de incendios. Varandas viarios e medidas de protección.
30/2026	Suplemento de crédito	244.766,45	Dotación de crédito para proceder ao pago dos xuros pendentes do exercicio 2023 (720,00) E 2024 (60,00). Mellora Camiño de Arnexo a DP 1914 e outros POS+2025. Remate Urbanización Rúa Corredoira en Bembibre. Obra de Mellora Viario de Rebordelos a Albagueira. Mellora viario Lugar Pequeno de Malvárez a LM e Malvárez pequeno (regos). Mellora rede abastecemento Carlexo e Buiro. Extensión de redes de saneamento e abastecemento en acceso a Pedragosa.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

			Mellora pluviais en Cerradelo. Mellora redes abastecemento de auga. Gastos da área 3: educación, festas populares, instalacións deportivas e deporte.
31/2026	Crédito extraordinario	96.854,31	Cancelación da débeda comercial correspondente ao exercicio económico 2025: facturas incluídas na conta 413 "Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento" a 31.12.2025.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 169.1, do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, sométese o expediente administrativo a exposición pública polo período de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, para que os interesados poidan examinalo na Intervención do concello e interpor diante do Pleno as reclamacións que consideren oportunas. A modificación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Val do Dubra, 20 de xullo de 2026

O alcalde,
Diego Luís Díaz Méndez